

3. A capacidade económica calcularase sumando toas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

#### 7. Exencións e bonificacións.

Agás o establecido no artigo 5, non poderán recoñecerse respecto a esta taxa outros beneficios que os expresamente previstos en normas con rango de Lei ou derivados de tratados internacionais, nos termos establecidos no artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### 8. Nacemento da obriga de pagamento e período impositivo.

A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, nace dende o día en que se inicie a prestación do servizo de axuda no fogar, rateándose cando se liquiden meses incompletos. As liquidacións practicaránse a posteriori, por meses naturais en función do servizo prestado.

#### 9. Normas de xestión.

1. As solicitudes de prestación do servizo para os usuarios que accedan polo procedemento de libre concurrencia serán presentadas polos interesados no Rexistro Xeral do Concello, e despois do informe-proposta da Traballadora Social e da Intervención, serán resoltas pola Alcaldía. No caso das persoas que accedan directamente polo sistema de dependencia, a traballadora social realizará informe-proposta e será resolto polo Alcaldía.

2. As contías esixibles de acordo coas tarifas establecidas nesta ordenanza, liquidaranse mensualmente, a tal efecto elaborárase un recibo individual onde se detalle o servizo prestado e o seu importe que se remitirá a persoa usuaria para que efectúe o correspondente ingreso na conta bancaria do Concello. No caso de ter domiciliado o pagamento, remitirase a través da entidade bancaria elixida pola persoa usuaria, todo elo dentro dos vinte primeiros días do mes seguinte ao liquidado.

3. Como norma xeral o pagamento desta taxa realizarase polas persoas beneficiarias do servizo mediante domiciliación bancaria.

4. Anualmente, no mes de xaneiro, ou no caso de producirse cambios na situación persoal, as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar na súa modalidade de libre concurrencia, requiriráselles polos Servizos Sociais do Concello, para que xustifiquen documentalmente a súa situación económica e patrimonial, a efectos de actualizar a súa capacidade económica e, no seu caso, a taxa a pagar, segundo se establece no Regulamento do servizo de axuda no fogar.

5. As cotas non satisfeitas polos usuarios obrigados ao seu pagamento no período voluntario, poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento

#### 10. Disposición derogatoria.

Queda derogada a actual ordenanza reguladora do prezo público do servizo de axuda a domicilio aprobada polo Pleno da Corporación en data, 9 de outubro de 2008 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 297 de data 27 de decembro de 2008 e modificacións posteriores.

#### Disposición final.

A presente Ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 1 de marzo de dous mil trece, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro do mes seguinte a súa entrada en vigor, continuando vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación. Publicouse definitivamente no BOPnº 092 de 22 de abril de 2013

Por sesión plenaria celebrada o día 26 de marzo de 2014 procedeu á modificación do texto da ordenanza, que entrará en vigor ca súa publicación definitiva no BOP e será de aplicación a partir do día primeiro do mes seguinte a súa entrada en vigor, continuando vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Xermade, 11 de xuño de 2014.- O Alcalde, Tomás Rodríguez Arias.

R. 2397

### Anuncio

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de marzo de 2014, acordou aprobar a seguinte Ordenanza:

#### 1 Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por concesión de nichos no cemiterio municipal.

Así mesmo acordou expoñer os expedientes a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días, e no suposto de que non se presentaran reclamacións contra os mesmos, entender automaticamente elevados a definitivos os acordos ata entón provisionais, de conformidade co disposto nos artigos 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local e artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, para as Ordenanzas fiscais.

No BOP nº 090 de data 21 de abril de 2014 publicouse anuncio de exposición pública, non presentándose no prazo de exposición pública reclamacións, polo que entendendo aprobada definitivamente a antedita Ordenanza publícase o seu texto íntegro en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, facendo constar que contra a aprobación definitiva das ordenanzas poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR CONCESIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL.**

##### **Artigo 1.- Imposición e ordenación**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, artigos 4.1 a) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo público descrito na presente Ordenanza Fiscal, consoante ao disposto nos artigos 20 e seguintes da citada lei reguladora das Facendas Locais.

##### **Artigo 2.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible a concesión, polo prazo de noventa e nove anos, dos nichos construídos polo concello no Cemiterio Municipal.

##### **Artigo 3.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión aos que se lle fose outorgada.

##### **Artigo 4.- Cota tributaria**

A cota tributaria será a seguinte:

- a) Pola concesión de nicho de 4 prazas sen adosar ao peche: 1.500,00 euros

##### **Artigo 5.- Devengo**

A obriga de contribuír nace no momento de outorgarse a concesión.

##### **Artigo 6.- Xestión da taxa**

Unha vez outorgada a concesión notificarase ao interesado a correspondente liquidación tributaria. O pago da cota tributaria deberá facerse efectivo previamente á entrega do título concesional.

As concesións enténdense outorgadas baixo a condición suspensiva do pago da correspondente cota tributaria.

##### **Disposición final primeira**

Poderán obter a condición de concesionarios tódolos veciños de Xermade, así como os seus familiares en primeiro grado.

As concesións outorgaranse por rigorosa orde de solicitude.

No suposto de que con carácter sobrevido o concesionario perdese a condición de veciño do concello de Xermade, e sempre que non se produxera un enterramento no nicho obxecto da concesión, o Concello, previa audiencia do interesado, poderá revogar a concesión nas seguintes condicións:

a).- No suposto de que o expediente de resolución se inicie a solicitude do concesionario o Concello devolverá ao interesado o 100% da cota tributaria.

b).- No suposto de que a perda da condición de veciño se derivara dun cambio de domicilio xustificado por cambios das súas circunstancias laborais ou de saúde dalgún dos membros da unidade familiar e o expediente de resolución se inicie de oficio polo Concello, este devolverá ao interesado o 90% da cota tributaria.

c).- No suposto de que a perda da condición de veciño non se xustificara nos motivos expresados na letra anterior e o expediente de resolución se inicie de oficio polo Concello, este devolverá ao interesado o 80% da cota tributaria.

Se a resolución é instada polo titular da concesión nos seis primeiros meses trala perda da condición de veciño esta conlevará en todo caso a devolución do 100% da cota tributaria.

Non serán indemnizables as obras ou melloras realizadas sobre os nichos.

##### **DISPOSICION DERRADEIRA.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación definitiva no BOP de Lugo.

Xermade, 11 de xuño de 2014.- O Alcalde, Tomás Rodríguez Arias.